

CONVOCATORIA E BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA URGENTE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO-TRABALLADOR, PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO PRESELECCIONADO POLO SPEP, PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO "PORREMPREGO CUALIFICA" 2022

1ª. OBXECTO E NORMAS XERAIS

De conformidade coa ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicado no DOGA número 46, do 08/03/22; e por resolución da Xefa Territorial de Pontevedra desa Consellería, recibida en data 29/07/22, outorgouse unha subvención ao Concello do Porriño para a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as e persoal directivo(2), docente(3) e de apoio(1), que responden a necesidades urgentes e inaprazables.

Estas bases reguladoras teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección destas persoas que serán contratadas, para o desenvolvemento do Obradoiro Dual de Emprego "Porremprego Cualifica", promovido polo Concello do Porriño e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade. Polo que na regulación deste procedemento de selección aplicárase o establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicado no DOGA número 46, do 08/03/22; na resolución da concesión da subvención asinada pola Xefa Territorial de Pontevedra desa Consellería, recibida en data 29/07/22; e pola Instrución en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, de data 26/04/222, emitida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

O Concello do Porriño, como entidade promotora do obradoiro de emprego "PORREMPREGO CUALIFICA", tramitará unha oferta de emprego por cada praza na oficina de emprego do Porriño e unha vez concluídas as sondaxes ésta comunicará as persoas preseleccionadas ao Concello do Porriño que realizará a selección definitiva do alumnado-traballador, así como a do persoal directivo, docente e de apoio participante no proxecto que se vai pór en funcionamento, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego do Porriño así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación,

Concello do Porriño

1



de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

A data de inicio do proxecto será o 19 de setembro de 2022 para un período de 12 meses, coas xornadas que se indican a continuación:

1ª. 1. Persoal a contratar que se convoca:

- 1 Director/a a xornada completa
- 1 Titor/a a xornada completa
- 1 Experto/a docente en Operacións básicas de cociña (HOTR0108) e Cociña (HOTR0408) a xornada completa
- 1 Experto/a docente en Atención sociosanitaria a persoas no domicilio(SSCS0108) e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)- área social a xornada parcial (50%)
- 1 Experto/a docente en Atención sociosanitaria a persoas no domicilio(SSCS0108) e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais(SSCS0208) - área sanitaria a xornada parcial (50%)
- 1 Persoal administrativo a xornada parcial (50%)
- 20 Persoas alumnos/as-traballador/as a xornada completa:
 - 10 persoas desempregadas na área profesional de restauración con nivel 1
 - 10 persoas desempregadas na área profesional de atención social con nivel 2

1ª.2. Funcións a desenvolver:

- Director/a:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo.
- c) Planificación e seguimento do proxecto.
- d) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- e) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- f) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do



alumnado.

- g) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- h) Velar polo cumprimento das normas de seguridade das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- i) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- j) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- k) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- Titor/a :

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto

- Expertos/as docentes :

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das

Concello do Porriño

3



incidencias que se produzan á dirección do proxecto.

e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.

f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- Persoal administrativo:

a) Apoio á Dirección e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.

b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.

c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.

d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.

e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).

f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

- Alumnado- traballador seleccionado:

a) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.

b) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.

c) Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.

d) Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

e) Cumprir coas demais obrigas inherentes á relación laboral

2ª. LÍMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA

De conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 24 de marzo e no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a



transformación do mercado de traballo:

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma:

-As persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas polo Concello do Porriño durante un prazo ao que sumado a totalidade ou parte do tempo desta contratación puidera resultar máis de dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción (que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada,

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de trinta meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

3ª. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir, na data en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos :

3ª.1. Persoal directivo, docente e de apoio

O proceso selectivo iniciárase coa presentación de oferta de emprego por parte da entidade promotora (Concello do Porriño) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia. Os parámetros da sondaxe serán:

a) Ámbito xeográfico: Concello do Porriño. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.

A entidade promotora realizará a selección definitiva de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que deberá conter, sempre que sexa posible, cinco persoas candidatas por posto.

Requisitos xerais:

a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do

Concello do Porriño

5



Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais e doutros estados. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade.

c) Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo có previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores, de conformidade có cal poderán ser contratados aqueles que teñan plena capacidade de obrar conforme ao disposto no Código Civil, os menores de dezoito e maiores de dezaseis anos, que vivan de forma independente, con consentimento dos seus pais ou titores, ou con autorización da persoa ou institución que os teña ao seu cargo; así como os estranxeiros, de acordo có disposto na lexislación específica sobre a materia.

d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a).

e) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).

f) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).

g)) Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

As persoas que na data de inicio do proxecto "PORREMPREGO CUALIFICA" estean prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao proxecto. Soamente poderán ser propostos para a súa incorporación se remataron a súa relación laboral co proxecto en funcionamento nun obradoiro de emprego unicamente por expiración do prazo máximo de duración do proxecto a dita data.



No caso de contratados a tempo parcial nun obradoiro de emprego soamente poderán ser propostos para a súa incorporación ao proxecto "PORREMPREGO CUALIFICA" cando a súa xornada laboral sexa compatible coa do proxecto.

(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a).

h) Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais. Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base segunda de exclusión automática desta convocatoria. (Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia da certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida no mes de agosto de 2022 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en causa encadeamento de contratos temporais).

Requisitos específicos mínimos contratacións (non baremables):

- Director/a:

- Titulación universitaria

- Experiencia profesional mínima de 12 meses relacionada co posto, nos últimos 10 anos: experiencia en dirección e xestión de empresas, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas), e/ou como técnico de emprego e desenvolvemento local (agás funcións de orientación e docencia).

- Titor/a:

- Titulación universitaria

- Experiencia profesional mínima de 12 meses relacionada co posto, nos últimos 10 anos.

- Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego- RD 34/2008 do 18 de xaneiro, ou licenciatura/grao en Pedagogía, psicopedagogía ou mestre especialidades ou experiencia docente en formación presencial contrastada de ao menos 600 horas nos últimos 10 anos de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo segundo disposición transitoria única RD 198/2013.

- Experto/a docente en Operacións básicas de cociña (HOTR0108) e Cociña (HOTR0408):

- Cumprir os requisitos establecidos, para os certificados de profesionalidade correspondentes segundo RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado por lo RD 619/2013, de 2 de agosto.

- Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego- RD 34/2008 do 18 de xaneiro, ou licenciatura/grao en Pedagogía, psicopedagogía ou mestre especialidades ou experiencia docente en

Concello do Porriño

7



formación presencial contrastada de ao menos 600 horas nos últimos 10 anos de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo segundo disposición transitoria única RD 198/2013.

- Experto/a docente en en Atención sociosanitaria a personas no domicilio(SSCS0108) e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)- área social:
 - Cumprir os requisitos establecidos, para os certificados de profesionalidade correspondentes segundo RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 625/2013, de 2 de agosto.
 - Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego- RD 34/2008 do 18 de xaneiro, ou licenciatura/grao en Pedagogía, psicopedagogía ou mestre especialidades ou experiencia docente en formación presencial contrastada de ao menos 600 horas nos últimos 10 anos de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo segundo disposición transitoria única RD 198/2013.
- Experto/a docente en en Atención sociosanitaria a personas no domicilio(SSCS0108) e Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)- área sanitaria:
 - Cumprir os requisitos establecidos, para os certificados de profesionalidade correspondentes segundo RD 1379/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011, de 20 de maio, modificado polo RD 625/2013, de 2 de agosto.
 - Competencia docente: Certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego- RD 34/2008 do 18 de xaneiro, ou licenciatura/grao en Pedagogía, psicopedagogía ou mestre especialidades ou experiencia docente en formación presencial contrastada de ao menos 600 horas nos últimos 10 anos de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo segundo disposición transitoria única RD 198/2013.
- Administrativo/a:
 - Estudos de técnico superior ou equivalente na rama de Administración (FPPII, Ciclo superior,...)
 - Experiencia profesional mínima de 12 meses relacionada co posto nos últimos 10 anos

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata o momento de formalización do devandito contrato de traballo temporal.

Unicamente pasarán as fases do proceso selectivo as persoas aspirantes

Concello do Porriño

8



que reúnan os requisitos mínimos e específicos para cada posto.

3ª.2. Persoal alumno-traballador

Na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizaranse aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

Ademais, priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo.

A entidade promotora realizará a selección definitiva de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que deberá conter, sempre que sexa posible, tres persoas candidatas por posto.

Requisitos xerais:

- a) Preferencia aqueles/as aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.
- b) Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
- c) Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

Requisitos mínimos:

- a) Ter 18 ou máis anos de idade.
- b) Estar desempregado/a, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente non momento da contratación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- d) Para as especialidades formativas de Atención sociosanitaria, cumprir os requisitos de acceso a certificado de cualificación profesional nivel 2, segundo a Orde do 7 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro) e as súas posteriores modificacións ou estar en condición de obtelo á data de remate do prazo de admisión de solicitudes.
- e) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de

Concello do Porriño

9



outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais e doutros estados. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas as persoas aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.

f) Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo có previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores, de conformidade có cal poderán ser contratados aqueles que teñan plena capacidade de obrar conforme ao disposto no Código Civil, os menores de dezaioito e maiores de dezaseis anos, que vivan de forma independente, con consentimento dos seus pais ou titores, ou con autorización da persoa ou institución que os teña ao seu cargo; así como os estranxeiros, de acordo có disposto na lexislación específica sobre a materia.

g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a).

h) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).

i) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. (Acreditarase cunha declaración de responsabilidade do interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de que así o solicítase o Tribunal).

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata o momento de formalización do devandito contrato de traballo temporal.

Unicamente pasarán as fases do proceso selectivo as persoas aspirantes que reúnan os requisitos xerais e mínimos para cada posto.



4ª. SOLICITUDES

O sistema de admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego, tramitada na oficina de emprego correspondente ao domicilio do Concello do Porriño mediante os modelos normalizados correspondentes.

Os/as candidatos/as desempregados/as preseleccionados/as segundo a Orde do 21 de febreiro de 2022 e a instrución para o procedemento de selección, remitidos/as pola Oficina de Emprego do Porriño deberán presentar a solicitude para participar no proceso selectivo definitivo, dirixida ao Sr Alcalde do Concello do Porriño, no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases.

O prazo de presentación de solicitudes será de **3 días hábiles** (o sábado non é día hábil a estes efectos) a contar dende o día seguinte á entrega da notificación de preselección pola oficina de emprego do Porriño.

A solicitude poderá presentarse nos correspondentes modelos que se acompañan como ANEXOS destas bases ou na forma que determina o art. 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas. Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegarán inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos alegados e determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e designará o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaría, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

Para o caso de que houbera aspirantes excluídos/as ou omitidos/as na devandita lista, estes disporán dun prazo de **1 día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Os/as aspirantes que dentro do prazo indicado non emendasen tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos/as serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.



Transcorrido o prazo anterior, ou no caso de non haber aspirantes excluídos/as ou omitidos/as, o Alcalde ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as, e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da fase de concurso-oposición. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicárase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, no que tamén se publicará a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, se as houbese, sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.oporrino.org, de forma complementaria.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles reconeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmentemente como se indica nestas bases.

4ª.1. Instancias persoal directivo, docente e de apoio

As persoas preseleccionadas en base á oferta de emprego realizada deberán presentar, na forma e prazo indicado, o modelo de solicitude que acompaña estas bases como ANEXO I acompañado da seguinte documentación:

- ☐ Fotocopia do DNI ou ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes
- ☐ Fotocopia da titulación esixida para cada contrato
- ☐ Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal.
- ☐ Certificación oficial da vida laboral expedida en agosto de 2022. Aqueles méritos que non se aleguen na instancia nin se xustifiquen documentalmentemente, aínda que consten na vida laboral non serán valorados.
- ☐ Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados d), e), f) e h) da base cuarta referida aos requisitos do persoal directivo, docente e de apoio.

Para acreditar os traballos por conta allea, presentárase certificación oficial de vida laboral máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflictan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

Para acreditar traballos por conta propia (traballadores/as autónomos/as), presentárase certificación oficial de vida laboral máis xustificante de alta en actividades económicas ou documento que o acredite e facturas ou contratos nos que consten os servizos prestados.



Para acreditar traballos realizados no estranxeiro, será necesario presentar certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión desempeñada, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

Tódolos documentos acreditativos de méritos que deban acompañarse á solicitude de participación haberán de presentarse no prazo antes sinalado. En consecuencia, os documentos acreditativos dos méritos non achegados en prazo non serán valorados en ningún caso polo tribunal.

4ª.2. Instancias persoal alumno-traballador

As persoas preseleccionadas en base á oferta de emprego realizada deberán presentar, na forma e prazo indicado, o modelo de solicitude que acompaña estas bases como ANEXO II acompañado da seguinte documentación:

☐ Fotocopia do DNI ou ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes

☐ Fotocopia da maior titulación académica adquirida

☐ Declaración responsable na que se indique que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e que está desempleado/a como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego

☐ Fotocopia xustificación documental de todos os méritos alegados para ser valorados polo tribunal:

- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.

- Se é o caso, acreditación da axuda ou prestación por desemprego

- Se é o caso, informe de servizos sociais acreditativo de pertenza a colectivo desfavorecidos ou en risco de exclusión social

☐ Certificación oficial da vida laboral expedida en agosto de 2022.

☐ Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial así como de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente nos termos establecidos nos apartados g), h) e i) da base cuarta referida aos requisitos dos/das alumnos/as-traballadores/as.

☐ Fotocopia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso a certificado de cualificación profesional nivel 2. Acreditarase mediante fotocopia do título ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo ou certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.

☐ Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas obradoiros de emprego no seu itinerario de Inserción Profesional (se é o caso)

Serán motivos de exclusión do proceso de selección:

- A non presentación na hora e lugar indicados.



- Non cubrir ou non entregar a SOLICITUDE de participación.
- Non presentar a documentación requirida.

Se, unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas persoas por praza, o Tribunal de selección poderá solicitar novos candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza, co fin de garantir a correcta selección de persoal participante.

5ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos/as empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.



Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

6ª. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso con proba.

- CONCURSO: (Puntuación máxima: 10 puntos)

O tribunal comprobará e cualificará a documentación e as circunstancias acreditadas correspondentes á fase de concurso das persoas aspirantes. Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias.

6ª.1. Concurso persoal director, docente e administrativo:

O tribunal comprobará e cualificará a documentación e as circunstancias acreditadas correspondentes á fase de concurso das persoas aspirantes.

Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias.

Os méritos alegados polas persoas candidatas valoraranse segundo o seguinte baremo:

a) A experiencia profesional:

- Nos casos en que se establece un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo (requisitos mínimos), o dito período condicionará a admisión da persoa aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.
- O cómputo da experiencia realizarase por meses completos de traballo, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato (é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este terá que ser a xornada completa; no caso de ser media xornada, requiriranse dous anos de contrato para xustificar un ano de experiencia).

b) Titulacións académicas:

- As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou xustificantes da solicitude destes.



- A titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa candidata, non sendo obxecto de valoración posterior.

c) Formación complementaria:

- A formación complementaria acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, impartidos por centros oficiais públicos, centros de formación de funcionarios; universidades con título oficial recoñecido, os incluídos en plans de formación continua impartidos polas distintas entidades, sindicatos ou centros formadores dos devanditos plans e os impartidos polos Colexios Profesionais, que deberán ter relación directa coas funcións a desenvolver polas persoas que resulten seleccionadas para as prazas obxecto destas bases, facendo referencia inexcusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de realización e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
- No caso de que no documento aparezan créditos, será necesario presentar a convalidación en horas.
- Así mesmo, só se valorará aquela formación complementaria realizada nos últimos 10 anos (isto último non será de aplicación áos másteres, cursos de postgrado, cursos de especialización, etc relacionados coa materia a impartir.)
- No caso de acreditar varios cursos de materias ou contidos similares, só se valorará o que sexa mais favorable para o/a aspirante.

d) Coñecemento da lingua galega:

- O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante certificacións ou diplomas as titulacións homologadas pola Secretaria Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

O baremo de puntuacións será o seguinte:

- DIRECTOR/A:

CRITERIOS A VALORAR

1. Formación complementaria: máximo 2,00 puntos

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base oitava)

1.1. Formación relacionada co posto: máximo 1,80 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,05 puntos

Cursos de 50 a 199 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 200 a 599 horas..... 0,30 puntos

Cursos a partir de 600 horas..... 0,50 puntos



1.2. Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado): máximo 0,60 puntos

Curso básico..... 0,10 puntos

Curso medio..... 0,40 puntos

Curso superior..... 0,60 puntos

1.3. Formación informática (de coñecementos a nivel usuario): máximo 0,40 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20 puntos

Cursos a partir de 100 horas..... 0,40 puntos

2.Experiencia profesional: máximo 7,20 puntos

(Só se valorará se está acreditada segundo establece a base cuarta. A categoría a ter en conta será exclusivamente a que figure no contrato ou na nómina)

2.1.Experiencia laboral nos últimos 10 anos:

Experiencia en Dirección de EO/CO/OE.....0,08 puntos/mes (Max. 5,00 puntos)

Experiencia en Dirección de entidade pública ou privada (*)....0,07 puntos/mes (Max. 5,00 puntos)

Experiencia como Técnico de emprego e desenvolvemento local....0,07 puntos/mes (Max. 4,00 puntos)

2.2.Experiencia laboral no resto da súa vida laboral:

Experiencia en Dirección de EO/CO/OE.....0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

Experiencia en Dirección de entidade pública ou privada (*)...0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

Experiencia como Técnico de emprego e desenvolvemento local...0,03 puntos/mes (Max. 2,00 puntos)

3.Coñecemento do idioma galego: máximo 0,30 puntos

(Só se valorará o grao superior alegado, segundo establece a base oitava)

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente..... 0,10 puntos

Certificado de lingua galega C4 ou equivalente..... 0,15 puntos

Certificado de lingua galega C5 ou equivalente..... 0,30 puntos

4.Situación de desemprego: máximo 0,50 puntos

(*) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares aos proxectos de OE.

- TITOR/A:



CRITERIOS A VALORAR

1. Titulación: máximo 0,70 puntos

• Licenciatura/grao en pedagogía ou psicopedagogía, ou equivalente 0,70 puntos

• Licenciatura/grao en psicoloxía ou equivalente..... 0,50 puntos

2. Formación complementaria: máximo 1,50 puntos

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base oitava)

2.1. Formación relacionada co posto: máximo 1,00 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,05 puntos

Cursos de 50 a 199 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 200 a 599 horas..... 0,30 puntos

Cursos a partir de 600 horas..... 0,50 puntos

2.2 Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado) máximo 0,60 puntos

Curso básico..... 0,10 puntos

Curso medio..... 0,40 puntos

Curso superior..... 0,60 puntos

2.3. Formación informática (de coñecementos a nivel usuario)máximo 0,40 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20 puntos

Cursos a partir de 100 horas..... 0,40 puntos

3. Formación pedagóxica: máximo 0,50 puntos

• Certificado profesionalidade de Formador ocupacional.. máx. 0,40 puntos

• CAP ou equivalente.....máx.0,25 puntos

• Máster en profesorado de educaciónmáx.0,50 puntos

4. Experiencia profesional: máximo 6,50 puntos

(Só se valorará se está acreditada segundo establece a base oitava. A categoría a ter en conta será exclusivamente a que figure no contrato ou na nómina)

4.1.Experiencia laboral nos últimos 10 anos:

Experiencia en funcións titorías nas EO/CO/OE.....0,08 puntos/mes (Max. 5,00 puntos)

Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.... 0,07 puntos/mes (Max. 5,00puntos)

4.2.Experiencia laboral no resto da súa vida laboral:



Experiencia en funcións titorías nas EO/CO/OE..... 0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.....0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

5. Coñecemento do idioma galego: máximo 0,30 puntos

(Só se valorará o grao superior alegado, segundo establece a base oitava)

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente..... 0,10 puntos

Certificado de lingua galega C4 ou equivalente..... 0,15 puntos

Certificado de lingua galega C5 ou equivalente..... 0,30 puntos

6. Situación de desemprego: máximo 0,50 puntos

- ADMINISTRATIVO/A:

CRITERIOS A VALORAR

1. Formación complementaria relacionada: máximo 2,00 puntos

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base oitava. Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título)

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,20 puntos

Cursos a partir de 100 horas..... 0,50 puntos

2. Formación en informática: máximo 2,00 puntos

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, de ofimática e doutros contidos relacionados coas funcións a desenvolver e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base oitava. Non se valorarán por separado módulos ou unidades integrantes dun título)

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,05 puntos

Cursos de 50 a 99 horas..... 0,10 puntos

Cursos a partir de 100 horas..... 0,25 puntos

3. Experiencia profesional: máximo 5,20 puntos

(Só se valorará a experiencia acreditada segundo establece a base oitava. A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina)

3.1. Experiencia laboral nos últimos 10 anos:

Experiencia de traballo administrativo en EO/CO/OE.....0,12 puntos/mes (Max. 4,50 puntos)

Outra experiencia de traballo como administrativo.....0,10 puntos/mes (Max. 4,50 puntos)

3.2. Experiencia laboral no resto da súa vida laboral:

Experiencia de traballo administrativo en EO/CO/OE..... 0,06 puntos/ mes (Max. 2,25 puntos)

Outra experiencia de traballo como administrativo..... 0,05 puntos/mes (Max. 2,25 puntos)

4. Coñecemento do idioma galego: máximo 0,30 puntos

(Só se valorará o grao superior alegado, segundo establece a base oitava)

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente..... 0,10 puntos

Certificado de lingua galega C4 ou equivalente..... 0,15 puntos

Certificado de lingua galega C5 ou equivalente..... 0,30 puntos



5. Situación de desemprego: máximo 0,50 puntos

- EXPERTOS/AS DOCENTES: CRITERIOS A VALORAR

1. Outra titulación académica: máximo 1,00 puntos

(Titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo, sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver)

2. Formación complementaria: máximo 1,70 puntos

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos últimos 10 anos, segundo establece a base oitava)

2.1. Formación relacionada co posto: máximo 1,50 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,05 puntos

Cursos de 50 a 199 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 200 a 599 horas..... 0,30 puntos

Cursos a partir de 600 horas..... 0,50 puntos

2.2. Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado): máximo 0,60 puntos

Curso básico..... 0,10 puntos

Curso medio..... 0,40 puntos

Curso superior..... 0,60 puntos

2.3. Formación informática (de coñecementos a nivel usuario): máximo 0,40 puntos

Cursos de 20 a 49 horas..... 0,10 puntos

Cursos de 50 a 99 horas 0,20 puntos

Cursos a partir de 100 horas 0,40 puntos

3. Experiencia profesional: máximo 6,50 puntos

(Só se valorará a experiencia relacionada coa especialidade formativa a impartir ou coa actividade a desenvolver no proxecto formativo, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego; e nunha categoría mínima de Oficial de 1ª)

3.1. Experiencia laboral nos últimos 10 anos:

Experiencia en EO/CO/OE na especialidade..... 0,08 puntos/mes (Max. 5,00 puntos)

Experiencia docente en FP ocupacional ou regradada con maiores de 16 anos..... 0,07 puntos/mes (Max. 3,50 puntos)

Experiencia profesional relacionada.... 0,07 puntos/mes (Max. 5,00 puntos)

3.2. Experiencia laboral no resto da súa vida laboral:

Experiencia en EO/CO/OE na especialidade.... 0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

Experiencia docente en FP ocupacional ou regradada con maiores de 16 anos..... 0,03 puntos/mes (Max. 1,75 puntos)

Experiencia profesional relacionada..... 0,03 puntos/mes (Max. 2,50 puntos)

4. Coñecemento do idioma galego: máximo 0,30 puntos

Certificado de lingua galega C3 ou equivalente..... 0,10 puntos

Certificado de lingua galega C4 ou equivalente..... 0,15 puntos

Certificado de lingua galega C5 ou equivalente..... 0,30 puntos

5. Situación de desemprego: máximo 0,50 puntos



6ª.2. Concurso persoal alumno-traballador:

O tribunal comprobará e cualificará a documentación e as circunstancias acreditadas correspondentes á fase de concurso das persoas aspirantes.

Para tal efecto, só se terán en conta as situacións ou méritos dos que se xustifique documentalmente telos antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A puntuación máxima que se pode obter nesta fase é de 10 puntos.

O baremo de puntuacións será o seguinte:

a- Ter solicitado na súa demanda de emprego algúns destes servizos: 0,50 puntos

320: Escola taller programas; 330: Casa de Oficio; 340: Taller de Emprego; 370: Outros programas de emprego formación dual a través da demanda de emprego

(Acreditarase cun documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que o acredite)

b- Ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral: 0,75 puntos.

(Acreditarase co informe do Orientador/a laboral do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidade colaboradora ou cun documento do Servizo Público de Emprego de Galicia que o acredite)

c- MULLERES en xeral 1,00 punto

d- IDADE: (Acreditarase co DNI)

18 - 29 anos 1,50 puntos

45 ou máis 1,00 puntos

e- Persoas con diversidade funcional de, polo menos, o 33%, sempre que sexa compatible coas funcións a desenvolver: 0,50 puntos.

(Acreditarase coa fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade funcional).

f- Protección de desemprego:

Perceptores de desemprego 0,50 puntos

Perceptores de subsidio ou axudas* 1,00 puntos

Non perceptores 1,50 puntos

* RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA.....

(Acreditarase segundo vida laboral actualizada ou resolución de concesión da axuda)



g- Tempo de desemprego desde o último traballo:

Menos de 12 meses 0,50 puntos

Máis de 12 meses 1,00 puntos

Máis de 18 meses... 1,50 puntos

Acreditarse con vida laboral agosto 2022 e se non hai anotacións en vida laboral, acreditarase con Informe actualizado de períodos de inscrición como demandante de emprego.

h- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:

Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social..... 0,75 puntos

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Acreditarase cun Informe de servizos sociais.

i- Formación académica:

Ata graduado en ESO..... 2,00 puntos

Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 1, 50 puntos

FP de ciclo superior..... 1,00 puntos

Títulos universitarios 0,50 puntos

(Acreditarase mediante fotocopia do/s título/s ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo/s ou certificación/s oficial de ter superado os estudos conducentes para a súa expedición)

De non achegar documentación acreditativa, non será valorado o apartado correspondente.

j- Non haber participado nun obradorio de emprego:.....1,00 puntos

- PROBA. (Puntuación máxima: 10 puntos)

Consistirá en realizar un ou varios supostos ou probas prácticas, ou probas escritas ou orais propostas libremente polo tribunal cualificador, tanto respecto ao seu número, como a súa natureza e relacionados coas funcións e obrigas do alumnado-traballador e do persoal directivo, docente e de apoio, durante a execución dun Obradoiro de emprego.

Na valoración do presente exercicio do alumnado-traballador, o Tribunal apreciará a motivación para a realización da especialidade formativa para a que foi seleccionado/a, aptitudes e capacidades para a adecuación ao posto, empregabilidade, precisión e síntesis na exposición escrita, calidade e limpeza de expresión escrita e ortográfica.

Na valoración do presente exercicio do persoal directivo, docente e de



apoio, o tribunal cualificador apreciará as aptitudes, destrezas profesionais e capacidades das persoas candidatas para a adecuación ao posto, precisión e síntese na exposición, e calidade de expresión.

O tempo concedido para o desenvolvemento deste exercicio práctico será determinado polo tribunal cualificador con anterioridade á realización deste.

O exercicio poderá ser lido pola persoa aspirante ou polo propio tribunal cualificador a decisión deste último, debéndose garantir, no suposto de lectura polo tribunal o anonimato das persoas aspirantes adoptándose as previsións que resultasen oportunas para ese efecto na súa fase de execución e posterior valoración deste.

No caso do PERSOAL ADMINISTRATIVO realizarase unha proba práctica que consistirá nunha práctica no ordenador, co fin de comprobar os coñecementos de programas informáticos de oficina das persoas participantes (tratamento de textos, folia de cálculo e/ou bases de datos) así como do idioma galego e avaliar as destrezas profesionais dos candidatos e a súa adecuación ao posto de traballo ofertado.

A proba cualificarase de 0 a 15 puntos.

7ª. CUALIFICACIÓN

Finalizado o proceso de selección, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.oporrino.org, de forma complementaria, as puntuacións e a relación de persoas propostas para participar no proxecto por orde de puntuación obtida, cunha relación de reservas por orde da puntuación por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas en calquera momento da duración do proxecto.

No caso de empate na puntuación final entre dous/dúas ou máis aspirantes no proceso de selección dos/as alumnos/as-traballadores/as, este resolverase a favor do/a aspirante que acadara a maior puntuación, segundo a seguinte orde:

1. Non teñan participado noutro obradoiro de emprego
2. Teñan o menor nivel académico
3. Teñan menor protección de desemprego

No caso de empate na puntuación final entre dous/dúas ou máis aspirantes no proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio, este resolverase a favor do/a aspirante que acadara a maior puntuación, segundo a seguinte orde:

1. O maior tempo acreditado como desempregado/a.
2. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de



terse realizado.

3. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
4. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
5. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
6. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
7. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
8. O de maior idade

Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila a correspondente xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumpriña ditos requisitos a xefatura comunicarllo a entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

O proxecto non poderá dar comezo en tanto a xefatura non comprobe que todo o persoal docente reúne ditos requisitos.

Tras rematar o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como persoal directivo, docente e administrativo de apoio no modelo establecido na instrución de data 26/04/22 da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

As persoas seleccionadas como persoal directivo, docente e de apoio, terán que comunicar por escrito ao Concello do Porriño a súa aceptación ou renuncia á praza, coa presentación do modelo que se incorpora a estas bases como Anexo III, no prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, a seguinte documentación xunto cos orixinais, no seu caso, referida esta sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

1) Que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade, cunha antigüidade máxima de 3 meses.

2) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.

3) Certificación de conta bancaria con número IBAN

Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que renuncia á esta e pasará a adxudicarse ao/a seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obrigación

Concello do Porriño

24



de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza, no mesmo prazo.

As persoas seleccionadas como persoal alumno-traballador terán que presentar, no prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, a seguinte documentación:

1) Que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade, cunha antigüidade máxima de 3 meses.

2) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.

3) Certificación de conta bancaria con número IBAN

Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que renuncia á esta e pasará a adxudicarse ao/a seguinte candidato/a con maior puntuación

8ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Realizada a fase de concurso-oposición, o Tribunal coas puntuacións obtidas elaborará unha lista cos/as aspirantes por orde decrecente de puntuación obtida e formulará ao Sr. Alcalde a proposta de contratación cos/as aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.

A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal e unha vez xustificadas os requisitos esixidos, resolverá o que corresponda; de xeito que a formalización do contrato debe realizarse na data límite do 19/09/2022.

Nos contratos utilizaranse necesariamente as modalidades de contrato de traballo establecidas na Orde do 21 de febreiro e deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incurrir en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que a persoa proposta non se presente a formalizar o correspondente contrato, non o puidera formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizado fora extinguido ou suspendido por causas legais, ou para outros supostos en que o contratado non puideran cumprir o

Concello do Porriño

25



contrato o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do substituto poida exceder de 12 meses.

No suposto de baixas temporais que se prevexa que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo da autorización expresa da xefatura territorial correspondente á solicitude fundamentada da entidade contratante.

9ª. INCIDENCIAS

De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG nº 22, do 03-02-2021), non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

10ª. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representases dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

11ª. REXIMEN XURÍDICO.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao establecido na:

Concello do Porriño



Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de promoción do Emprego e Igualdade, de data 23-06-2022, ditada no expediente 36/00025/2022 pola que se outorgou unha subvención ao Concello do Porriño para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego, para realización do proxecto do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "PORREMPREGO CUALIFICA" para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos nas especialidades formativas de Cociña (10 alumnos/as traballadores/as) e de Atención Socio sanitaria en domicilio e institucións (10 alumnos/as traballadores/as); Instrucións da Dirección Xeral de formación e colocación da Concellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia de 26-04-2022 ditadas en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego; Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

ANEXO. I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DEFINITIVA URGENTE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO PRESELECCIONADO POLO SPEP, PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO "PORREMPREGO CUALIFICA" 2022

D./Dña.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño:	

Solicito ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de dentro do obradoiro de emprego "PORREMPREGO CUALIFICA" 2022/23, subvencionado ao abeiro da ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicado no DOGA número 46, do 08/03/22.

Declaro baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases desta convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

E aporto a documentación para xustificación dos requisitos mínimos e

Concello do Porriño

27



méritos alegados:

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA:

TITULACIÓN E ESPECIALIDADE	DATA DO TÍTULO	

COMPETENCIA DOCENTE-FORMACIÓN PEDAGÓXICA:

TITULACIÓN	DATA DO TÍTULO	
CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE FORMADOR OCUPACIONAL		
CAP ou equivalente		
MASTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN		

FORMACIÓN COMPLEMENTARIA REALIZADA NOS 10 ÚLTIMOS AÑOS

FORMACIÓN RELACIONADA CO POSTO				
NOME CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	DATAS	
FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS				
NOME CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	DATAS	
FORMACIÓN EN INFORMÁTICA				
NOME CURSO	CENTRO/ORGANISMO	HORAS	DATAS	

EXPERIENCIAL PROFESIONAL

EXPERIENCIA LABORAL EN EO/CO/OE

Concello do Porriño

28

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: ANQH32KTPCX9QWY7JK7MKQT | Corrección: https://porriño.sedelectronica-gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 32

OBRADOIRO/ENTIDADE	ESPECIALIDADE	INICIO	FIN	
EXPERIENCIA LABORAL EN FORMACIÓN E EMPREGO (DOCENTES)				
ENTIDADE/CENTRO	ESPECIALIDADE	INICIO	FIN	
OUTRA EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA				
EMPRESA/ENTIDADE	POSTO/GRUPO	INICIO	FIN	

CURSO DE GALEGO (só o de maior nivel)

CURSO/DIPLOMA/NIVEL	CENTRO	DATA	

SITUACIÓN DE DESEMPREGO (non se valora mellora de emprego)

SI	NON	

En a.....
de..... de 2022

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO. II

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN DEFINITIVA URGENTE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL ALUMNADO-TRABALLADOR PRESELECCIONADO POLO SPEP, PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO "PORREMPREGO

Concello do Porriño

29



CUALIFICA" 2022

D./Dña.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño:	

Solicito ser admitido/a no proceso selectivo como alumno-traballador de dentro do obradoiro de emprego "PORREMPREGO CUALIFICA" 2022/23, subvencionado ao abeiro da ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicado no DOGA número 46, do 08/03/22.

Declaro baixo a miña responsabilidade, que coñezo e acepto as bases desta convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

E apporto a documentación para xustificación dos requisitos mínimos e méritos alegados:

- **Ter solicitado na súa demanda de emprego algúns destes servizos**
- **Ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral**
- **Mulleres**
- **Idade**
- **Persoas con diversidade funcional de, polo menos, o 33%, sempre que sexa compatible coas funcións a desenvolver**
- **Protección de desemprego**
- **Tempo de desemprego desde o último traballo**
- **Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:**
- **Formación académica:**
- **Non haber participado nun obradorio de emprego**
- **Declaración responsable**

Concello do Porriño

30



- **Vida laboral**

En, a.....
de.....de 2022

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

ANEXO III. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

**SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN
DEFINITIVA URGENTE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL
DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO PRESELECCIONADO
POLO SPEP, PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO "PORREMPREGO
CUALIFICA" 2022**



D./Dña.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño:	

Como persoa participante no proceso selectivo de persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego "PORREMPREGO CUALIFICA":

..... e como seleccionada na praza de

- ACEPTO A PRAZA
- RENUNCIO Á PRAZA

En.....a.....de.....de 2022

Asinado:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Documento asinado dixitalmente na marxe

